

Trives

12, 13 e 14 de Outubro do 2018



A nosa proposta para esta longa fin de semana do 12 o 14 de outubro coincidente co día do Pilar, descorre pola Comarca de Trives. Situada na provincia de Ourense na zona leste da ribeira sacra, está bañada polo leste polo río Bibei e coroada polo pico Cabeza de Manzaneda.

Concretamente nos moverémonos polos concellos de Trives, San Xoan do Río e Manzaneda facendo unha pequena incursión no concello do Bolo pertencente a comarca de Valdeorras. O noso centro neuralxico estará na Pobra de Trives.

Día 12 - Val do Glaciar de Prada

Comenzamos a nosa camiñada a 200 metros da bonita aldeia de Requeixo e pouco despois de atravesala collemos unha pista, que ascendendo polo val levanos ao Bico do Lombo onde



se poden percibir as primeiras pegadas da súa orixe, grandes bloques de granito depositados no terreo, restos arrastrados polas morrenas do glaciar. A pista continua entre carballos e extensas praderías e tras cruzar unha pequena ponte sobre o río alcanzamos os 1100 metros de altura,

adentrándonos por bonitas corredeiras no val de As Lamas e Prada.

A aldea de Prada está completamente abandonada, probablemente porque aquí non chegou a estrada, a meirande parte dela está en ruínas, conserva parte da Capela de S. Bartolomeu, así como varias das súas tradicionais casas de alta montaña, que na actualidade son utilizadas como refuxio invernal para o gando. Dende aquí podese cotemplar unha excelente panorámica sobre o circo Glaciar que enmarca o val coa súa clásica forma de U.

Dende Prada, pasando polo Pontón e a Biduela, a través de camiños de alta montaña e pequenas congostras, regresamos á aldea de Requeixo.

Distancia: 13 Km. - Dificultade: Baixa.

Día 13 – Trives



Despois do almorzo saímos de Trives pola estrada OU-536 que abandonaremos despois de percorrer 700 metros no lugar de San Salvador para adentrarnos por unha bonita corredeira que entre carballos e castiñeiras centenarias levaranos a un conxunto de pequenas aldeíñas, Prado, O

Outeiro, San Mamede e despois a Casteligo. Deixamos esta última para por corredeiras e estreitos sendeiros alcanzar a pequena capeliña de San Vitor.

Cruzamos a estrada para, descendo pola espesa carballeira de As Chairas, chegar o Encoro das Guístolas. Pasando pola súa represa encamiñámonos ao feiticeiro lugar de Ponte Navea. Por aquí pasaba a importante Vía XVIII que unía Astúrica con Bracara importantísima vía de comunicación motivo polo que se construíu a ponte; a que se conserva na actualidade remontase a época medieval, sita nun inmejorable marco natural composto por castiñeiras e carballos, na pequena aldeíña totalmente abandonada conservase a capela da Encarnación.

Ascendemos pola empedrada vía nova para desviarnos cara o conxunto dos Sequeiros. Unha sucesión interminable de soutos con impresionantes castiñeiras guíaranos cara eles. Un sequeiro comprendía dúas partes, a cociña donde se secaban as castañas na caniceira (sobreteito formado por un entramado de listóns de madeira interespaciados uns milímetros coa fin de evacuar o fume e facilitar a entrada de calor), e a destinada a durmir.

Continuamos entre soutos cara o pobo de Pena Folenche. No centro do pobo hai un mirador situado enriba de unha gran rocha que domina a aldea, dende aquí temos unhas vistas privilexiadas da Cabeza Grande de Manzaneda, Pena Trevinca, O Canón do río Navea e por suposto da comarca de Trives. Aquí esperarános o autobús por si alguén non quixera continuar.

O resto seguiremos cara A Pobra de Trives pasando polos lugares de Avós, O Mato e As Rivas, a poucos metros da nosa meta, onde podemos ver unha fermosísima ferverza.

Distancia Total: 19 Km. - Distancia a Pena Folenche: 14,5 Km. - Dificultade: Media

Día 14 – Baixando cara As Ermidas

Comenzaremos a andaina no mesmo punto que a do día 13, na dirección contraria, por unha bonita corredeira que nos leva ao pobo de San Miguel de Bidueira, dominado pola súa igrexa parroquial, unha xoia da arquitectura barroca do século XVIII popularmente coñecida como a Catedral de Manzaneda. Continuamos polos Chairas de San Miguel a 930 metros de altitude



onde teremos unhas vistas privilexiadas do Encoro do Vao e as terras do Concello do Bolo. Deixamos atrás a aldea de San Vicenzo, ao pe do Monte Centura, para comenzar o descenso por unha pista que pouco a pouco vaise tornando nun sendeiro, casi oculto entre unha exuberante vexetación de

bosque mediterráneo, que baixa cara o Canón do río Bibei a altura de un lugar, como tantos outros, abandonado. Despois de unha curva no camiño, sorpresa, ante nos o impresionante Santuario da Virxe das Ermidas, situado aos pes do Bibei e incrustado nas rochas, a visión e sobrecolledora. Aquí agárdanos o autobús e damos por rematada a nosa excursión.

Distancia: 14 Km. - Dificultade: Media baixa

Aloxamento, Inscripción e prazas

Aloxamento, almuerzo e cea farémolo no Hostal Restaurante A Viuda, situado no centro de A Pobra de Trives. <https://www.hostallaviuda.es>



Prazas Convocadas: 35

Saída: 07:30 h. do venres 12 de outubro da praza Casares Quiroga (preto das Paxariñas).

Chegada: 20:30 h. do domingo 14 (aprox).

Material: O propio das actividades do outono. Non esquecer o bañador e a toalla por si apetece refrescarse.

Nivel técnico: Baixo. **Nivel Físico:** Medio.

Prazo de inscrición: A inscrición abrírase o luns 17 de setembro para SOCIOS. Farase por correo electrónico (artabros@artabros.org), teléfono (981.21.31.15) ou persoalmente na sede de Ártabros en horario de oficina. O prazo rematará cunha semana de antelación á saída, o venres 5 de outubro. (A inscrición a NON SOCIOS realizarase do 1 ó 5 de outubro se quedasen prazas).

Pagos: Realizarase, como máximo, nos catro días seguintes á inscrición.

Non será posible facer pagos con posterioridade ao venres 5 de outubro.

- Na secretaría do Club en c/ Santa Teresa, 14 (a rentes do museo DOMUS) de 20 a 22 h de luns a xoves e os venres de 18 h a 20 h.

- Ingresando o importe da actividade na conta ES25- 2080-5565-00-3040002362 (ABANCA, titular: SM Ártabros), e enviando o resguardo do ingreso ou transferencia.

Datos necesarios: Nome completo + Nº teléfono

Nos ingresos por banco o concepto será: **Nome + TRIVES**

Cota da actividade: Socios Federados: 150 € . Non Socios e federados: 175 €.

Os non federados terán que aboar 18 € a maiores polo custe da contratación do seguro de accidentes.

O prezo inclúe: viaxe de ida e volta en autocar, desprazamentos ás 3 saídas de ruta e aloxamento composto de:

- 2 noites de durmir (venres e sábado).
- 2 ceas (venres e sábado).
- 2 almozos (os do sábado e domingo)



Dúvidas: Tfno. Ártabros 981213115 (No horario de 20:00 a 22:00 h de luns a xoves e os venres de 18h a 20 h).

Monitores: Carmina, Eugenia e Juanjo.